

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

12937 *Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O Real decreto 1132/1981, do 24 de abril, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas fíxose eco, no seu momento, da realidade que supoñía a tradicional explotación comercial de gando porcino ibérico en sistema extensivo, no ámbito dunha perfecta simbiose coa devesa arborizada do sudoeste peninsular, e creou as condicións necesarias para garantir o correcto desenvolvemento deste particular sistema produtivo, impulsando a un tempo o aproveitamento ordenado dos recursos produtivos naturais da devesa e a promoción do tronco porcino ibérico.

Co transcurso dos anos, os novos conceptos de desenvolvemento sustentable, extensividade, benestar animal, protección agroambiental, condicionalidade, e calidade e sanidade pecuaria, debuxan un escenario máis complexo en que a produción animal debe encontrar asento. Deste enfoque, loxicamente, non queda exenta a produción porcina en sistema extensivo que, sen esquecer a devesa como base territorial á cal, de xeito tradicional, este tipo de produción estaba fundamentalmente ligada, tamén se debe relacionar coa presenza, en todo o territorio español, de sistemas asociados ao aproveitamento dos recursos naturais mediante pastoreo, vinculado principalmente ás razas autóctonas propias das diferentes comunidades autónomas.

Consecuentemente, procédese a desenvolver, no artigo 4.1.g) deste real decreto, para as explotacións de referencia, o sinalado polo artigo 4 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, mediante a adaptación para as ditas explotacións do disposto para as explotacións porcinas en xeral, na Directiva 2001/88/CE do Consello, do 23 de outubro de 2001, pola que se modifica a Directiva 91/630/CEE relativa ás normas mínimas para a protección de porcos e na Directiva 2001/93/CE da Comisión, do 9 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 91/630/CEE relativa ás normas mínimas para a protección de porcos, así como no Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, sobre normas mínimas para a protección de porcos.

A esta nova orientación da gandaría cara a modelos máis sustentables, que o modelo agrícola europeo representa, únese o máis que posible fomento deste sistema de produción en extensivo, derivado da aplicación da política agrícola común tras a última reforma, que propugna unha maior orientación das producións gandeiras cara ao mercado, mediante a desvinculación dos réximes de axudas respecto de producións determinadas.

Ademais, hai que ter en conta que en marzo do ano 2000 se publicaba o Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas e mediante o cal se pretendía adaptar a normativa vixente en materia de ordenación de explotacións porcinas intensivas á nova realidade do sector neste réxime de produción, sendo exceptuadas da súa aplicación as explotacións porcinas en sistemas de produción extensivos.

Tamén é de destacar o desenvolvemento, nos últimos anos, de novos modelos produtivos que deben ter cabida nun ou noutro sistema de produción, sempre co adecuado contexto legal, e perfectamente definido en canto á súa consideración como sistemas de produción extensivos ou intensivos.

Así mesmo, faise necesario o desenvolvemento regulamentario da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no relativo á ordenación sanitaria das explotacións porcinas extensivas.

Por outro lado, a publicación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (en diante REGA), exige adaptar as disposicións do Rexistro xeral das explotacións porcinas extensivas á estrutura e ao contido do mencionado REGA.

Polo tanto, actualmente é preciso que, de forma análoga á produción intensiva, se configure un novo marco legal para a produción porcina extensiva no seu sentido máis amplo, baseado no principio de integración deste tipo de produción co medio físico que a sustenta, e fundamentado no aproveitamento dos recursos agroforestais, principalmente mediante o pastoreo, e con respecto ás exixencias derivadas da normativa comunitaria sobre benestar animal, hixiene e sanidade pecuaria, así como sobre protección do ambiente. Ao mesmo tempo, debe garantir unhas condicións mínimas das explotacións en todo o territorio español que minimicen os riscos de tipo sanitario ou ambiental que estas explotacións poden supoñer polas súas especiais características. Para iso, de acordo con esta materia, establécense unhas normas básicas relativas a aspectos técnicos que, tendo en conta as particularidades propias deste sistema de manexo, posibiliten o desenvolvemento dunha actividade produtiva, equilibrada e competitiva, garantíndose a consecución da finalidade obxectiva a que corresponde a competencia estatal sobre as bases. De forma consecvente, derrógase o Real decreto 1132/1981, do 24 de abril, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas, e o concepto das ditas explotacións previsto no Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

Por outra parte, resulta necesario incorporar unha disposición adicional de modificación do artigo 5 do Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas, no relativo aos requisitos de identificación da especie cunícola. Esta modificación permitirá adoptar, na identificación dos animais con destino a matadoiro, os novos dispositivos de transporte dispoñibles, que permiten unha identificación inequívoca da orixe dos animais sen que sexa precisa a identificación individual das gaiolas de transporte, tecnicamente máis dificultosa. De forma consecvente, déixase sen contido o anexo III do dito real decreto, ao non ser xa necesaria a codificación incluída nel.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, e por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as normas mínimas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións de gando porcino en sistema de produción extensivo, en canto se refire ás súas condicións de base territorial, réxime alimentario de aproveitamento de recursos propios, e manexo e instalacións, que permitan un correcto desenvolvemento da actividade gandeira no subsector porcino español vinculado á extensividade, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade pecuaria, identificación e rexistro, alimentación animal, benestar animal e ambiente.

2. Exceptúanse desta regulación:

a) As explotacións porcinas en sistema de produción intensivo, que son obxecto do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas e, en todo caso, aquelas que superen as densidades máximas establecidas no artigo 4.1.a).

b) As explotacións gandeiras especiais do punto 2 do anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, a excepción dos pastos do número 9 do dito punto 2.

3. Ás explotacións para autoconsumo, segundo se definen no artigo 2, non lles será de aplicación o establecido no artigo 3, no artigo 4.1. b), c), d), f) e h), no artigo 4.2 nin no artigo 8.1 deste real decreto.

Ás explotacións reducidas segundo se definen no artigo 2 non lles será de aplicación o establecido no artigo 4.2.a).

4. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán aplicables, no que á especie porcina se refire, as definicións que figuran no artigo 2 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e no artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

2. Ademais entenderase como:

a) Sistema de explotación extensivo: aquel baseado na utilización con fins comerciais de animais da especie porcina nunha área continua e determinada, caracterizado por unha carga gandeira definida que nunca será superior á establecida no artigo 4.1.a), e polo aproveitamento directo polos animais dos recursos agroforestais durante todo o ano, principalmente mediante pastoreo, de forma que tal aproveitamento, que pode ser complementado coa achega de materias primas vexetais e pensos, constitúa a base da alimentación do gando na fase de ceba e permita o mantemento da base territorial, tanto nos aspectos económicos como ambientais.

b) UGM. Unidade gandeira maior: equivalente a un bovino adulto.

c) Explotación extensiva de autoconsumo: aquela cuxa finalidade é cebar animais con destino exclusivo ao consumo familiar, cunha produción máxima anual que non exceda os 5 porcos de ceba, e sen dispoñer de efectivos reprodutores.

d) Explotación extensiva reducida: aquela que alberga un número máximo de 5 reprodutores, e que pode manter un número non superior a 25 animais de ceba. En todo caso, a explotación non poderá albergar unha cantidade de porcinos superior ao equivalente de 5 UGM.

e) Instalacións permanentes: considéranse así:

1.º Aquelas edificacións dispostas para o mantemento, nalgunha forma de confinamento, dos animais reprodutores, con ou sen proxenie, durante o período de cría ou recría, así como dos porcos de ceba, sen poder albergar, polo tanto, unha capacidade de gando superior á autorizada no rexistro para a explotación porcina extensiva, de acordo coa súa clasificación zootécnica. Esta capacidade máxima autorizada será factor limitante do número de cabezas que poida albergar a explotación.

2.º Calquera edificación que forme parte da explotación e estea destinada ao albergue de todos os animais da explotación, de acordo coa súa capacidade máxima, con fins sanitarios ou de manexo.

f) Bioseguranza: conxunto de medidas que abranguen tanto estruturas da explotación coma aspectos do manexo, orientadas a protexer os animais da entrada e difusión de enfermidades infectocontaxiosas e parasitarias na explotación.

Artigo 3. *Clasificación das explotacións porcinas extensivas.*

1. Clasificación zootécnica: atendendo á súa orientación zootécnica, as explotacións porcinas en sistema extensivo clasificaranse nas seguintes categorías:

a) De selección: as que orientan a súa actividade principalmente á produción de animais reprodutores de raza ou híbridos. Poden ser:

1.º De selección de raza, reguladas no Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.

2.º De selección de híbridos, consideradas no Real decreto 1108/1991, do 12 de xullo, sobre normas zootécnicas aplicables aos reprodutores porcinos híbridos.

b) De multiplicación: as que orientan a súa actividade principalmente á multiplicación de animais de raza ou híbridos, procedentes das explotacións de selección, cuxa finalidade principal é a obtención de animais destinados á reprodución, mediante a aplicación dos correspondentes programas zootécnicos e sanitarios, e poden xerar os seus reprodutores para a autorreposición.

Os reprodutores utilizados nestas explotacións estarán inscritos nos libros xenealóxicos ou nos rexistros oficiais correspondentes, regulados nas disposicións citadas nos números 1.º e 2.º da letra anterior.

c) De recría de reprodutores: as que orientan a súa actividade a criar futuros reprodutores procedentes dunha soa explotación autorizada para a venda de reprodutores, cuxo destino é a reprodución ou, marxinalmente, a fase de acabamento ou ceba.

d) De produción: as que orientan a súa actividade principalmente á produción de leitóns para a súa engorda e sacrificio, e poden xerar os seus reprodutores para autorreposición. Así mesmo, pódense orientar á venda de reprodutores, como actividade secundaria da explotación, sempre que conte coa correspondente autorización por parte da autoridade competente. En atención á súa actividade produtiva clasifícanse en:

1.º De ciclo pechado, cando todo o proceso produtivo, é dicir, o nacemento, a cría, a recría e a ceba, ten lugar nunha mesma explotación, utilizando unicamente a produción propia.

2.º De ciclo aberto, cando o proceso produtivo se limita ao nacemento e cría dos leitóns, podendo prolongar este ata a recría, para a súa ceba posterior noutras explotacións autorizadas. Non obstante, neste tipo de explotación, parte da produción de leitóns poderá realizar todo o proceso produtivo nela.

e) De ceba: as dedicadas á recría e á engorda en réxime extensivo de animais con destino ao matadoiro. Excepcionalmente, a autoridade competente da comunidade autónoma onde estea a explotación poderá autorizar a saída dos animais a outra explotación extensiva de ceba, exclusivamente para o aproveitamento estacional de recursos naturais, nun período previo ao seu sacrificio.

2. Clasificación pola súa capacidade produtiva: as explotacións porcinas extensivas clasifícanse en función da súa capacidade produtiva, expresada en UGM, de acordo coas equivalencias establecidas para cada tipo de gando no artigo 4.1.a) 1º, da seguinte forma:

- a) Grupo primeiro: explotacións con capacidade ata 37 UGM.
- b) Grupo segundo: explotacións cunha capacidade de 38 a 112 UGM.
- c) Grupo terceiro: explotacións cunha capacidade de 113 a 225 UGM.

As comunidades autónomas poderán modular a capacidade máxima prevista na letra c), en función das características das zonas en que se sitúen as explotacións, das circunstancias produtivas ou doutras condicións que poida determinar o órgano competente daquelas, sen que en ningún caso se poida aumentar a citada capacidade en máis dun 20 por cento.

Artigo 4. *Condicións mínimas das explotacións porcinas extensivas.*

1. De carácter xeral.

a) Densidade gandeira.

1.º A carga gandeira das explotacións porcinas extensivas non superará o límite establecido para cada explotación no Rexistro de explotacións previsto no artigo 7, e non superará a densidade de 15 porcos de ceba/hectárea (2,4 UGM/ha), ou o seu equivalente de acordo coa seguinte táboa:

1.º1 Porca con leitóns de ata 23 kg: 0,30 UGM.

- 1.º2 Porca de reposición: 0,14 UGM.
- 1.º3 Porco de 50 a 150 kg: 0,16 UGM.
- 1.º4 Verrón: 0,30 UGM.

Poderanse manter animais de distintas categorías, sempre de acordo coas equivalencias descritas neste punto e dentro das densidades máximas establecidas.

2.º Cando se supere esta carga gandeira autorizada para as explotacións extensivas, a explotación considerárase dentro do ámbito de aplicación do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, aínda que os animais se encontren nun réxime de produción ao aire libre.

3.º Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán reducir a carga que se vai autorizar no marco dos seus respectivos ámbitos territoriais baseándose, polo menos, en criterios agronómicos, ambientais e orográficos.

b) Extensión das explotacións: as explotacións porcinas extensivas asentaranse sobre unha superficie sempre continua que terá unha dimensión mínima de 1 hectárea, segundo SIXPAC ou sistema de rexistro equivalente que establezan os órganos competentes das comunidades autónomas.

c) Alimentación:

1.º Os verróns, as femias reprodutoras e os leitóns ata a desteta, poderanse manter en instalacións axeitadas, suxeitos a alimentación programada con pensos durante a fase de cría. Non obstante, deberase garantir o libre acceso ao campo e aos recursos naturais da explotación dos reprodutores, segundo proceda de acordo co seu estado fisiolóxico.

2.º Os porcos destetados, a cría e a recría ata os 100 quilogramos de peso vivo deberanse manter cun réxime alimenticio que, permitindo a achega de pensos axeitados á súa fase de desenvolvemento biolóxico, garanta a súa estancia no campo e o acceso aos recursos naturais da explotación.

3.º A alimentación na ceba conformarase mediante pastoreo, aproveitamento a dente de restrebas e produtos silvícolas, e subministración daqueles alimentos que tradicionalmente se empregasen en cada rexión para completar a ceba dos porcos e complementarase, se é o caso, con pensos axeitados ao momento fisiolóxico dos animais explotados.

4.º O disposto nos tres parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo de que, no marco das normas de calidade de determinados produtos do porco ibérico ou doutros produtos da especie porcina, se establezan outras condicións en relación coa alimentación, en función da designación do produto que figure na etiquetaxe.

d) Infraestruturas: as explotacións porcinas extensivas contarán con instalacións suficientes que permitan albergar os animais en condicións axeitadas, conforme as súas necesidades nas distintas etapas produtivas. Ademais, co fin de manter as condicións hixiénico-sanitarias e de bioseguranza, a explotación dispoñerá de:

1.º Cercados: a superficie da explotación porcina estará pechada perimetralmente cun cercado ou sistema equivalente que impida o tránsito incontrolado de animais e vehículos.

2.º Acceso: todas as entradas asignadas para a recepción de vehículos de transporte de animais ou de calquera outro tipo contarán con algún sistema eficaz para a desinfección das rodas e do resto do vehículo. Así mesmo, dispoñerán dun sistema apropiado para a desinfección do calzado dos operarios e visitantes.

3.º Edificacións: a disposición das instalacións permanentes da explotación, utensilios e equipamento posibilitará, en todo momento, a realización dunha eficaz desinfección, desinfectación, desinsectación e desratización.

4.º Instalacións para illamento ou secuestro: as explotacións dispoñerán de instalacións permanentes que permitan o illamento ou secuestro, cando por razóns sanitarias sexa necesario, de todos os animais da explotación, de acordo coa capacidade máxima rexistrada.

5.º Control de visitas: nas explotacións dispoñerase dun sistema eficaz de control ou rexistro de visitas en que se anoten todas as que se produzan á área das instalacións

permanentes e permita, así mesmo, a identificación dos vehículos que entren ou saian dela.

6.º Utensilios e vestiario: nas explotacións, os utensilios de limpeza e manexo e o vestiario do persoal serán de uso exclusivo de cada explotación, e dispoñeráse das medidas necesarias hixiénico-sanitarias e de bioseguranza para que o persoal que desempeña traballo nelas e os utensilios utilizados non poidan transmitir enfermidades.

e) Sobre sanidade.

1.º Programas sanitarios: as explotacións porcinas extensivas deberán aplicar e manter os programas e normas sanitarios contra as principais enfermidades da especie suxeitas a control oficial, aprobados pola autoridade competente e controlados e aplicados polo veterinario autorizado ou habilitado.

2.º Eliminación de subprodutos: as explotacións dispoñerán dun sistema de recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, con vistas á súa retirada e eliminación, que se realizará, en todo caso, de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

3.º Aquelas explotacións que vendan animais destinados á reprodución, para poder levar a cabo esta actividade deberán estar cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes das enfermidades previstas no anexo I.

4.º Soamente se permitirá o movemento de animais de refugo con destino a centros de agrupamento de reprodutores para refugo ou directamente a matadoiro. En calquera caso, os camións deberán ir correctamente lavados e desinfectados e impediranse cargas compartidas con outras categorías de porcino.

f) Programa de manexo e rotación: as medidas de manexo que se aplicarán nas explotacións porcinas extensivas deberán garantir unha axeitada utilización da totalidade do medio físico, aproveitando os recursos naturais da explotación nos termos previstos no número 1.c) deste artigo, establecendo sistemas de rotación e aproveitamento racional del e evitando fenómenos de sobreexplotación que supoñan unha deterioración do ecosistema de soporte.

Para iso, establecerase un programa de manexo e rotación, aprobado para cada explotación pola autoridade competente, coa periodicidade que esta estableza. Considerando con carácter anual a capacidade dos recursos naturais, determinarase a densidade gandeira máxima en cada caso, sempre dentro dos límites establecidos no número 1.a) deste artigo. Así mesmo, o programa de manexo incluírá a mención da raza ou razas dos animais da explotación.

As autoridades competentes da comunidade autónoma poderán establecer un procedemento de control do cumprimento dos programas de manexo aprobados.

g) Benestar animal: ás explotacións porcinas extensivas reguladas por este real decreto seralles de aplicación o Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos. O número 3 do artigo 3, así como os números 2 e 5 do capítulo I do anexo do mencionado real decreto, unicamente serán de aplicación ás instalacións permanentes das explotacións extensivas.

Se por motivos debidamente xustificadas desde o punto de vista profiláctico ou terapéutico se debe realizar a castración dunha femia, tal operación deberá ser certificada e realizada por un veterinario, con anestesia e analxesia prolongada.

h) Requisitos ambientais: ademais do sinalado nos puntos anteriores en materia de protección do ambiente, a xestión de esterco procedentes das instalacións permanentes das explotacións porcinas extensivas realizarase mediante a utilización dalgún dos procedementos previstos e nas condicións establecidas no artigo 5.Un.B.b., do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo.

2. Para explotacións de porcino extensivo de nova creación: as explotacións de porcino extensivo que se instalen con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto

deberán cumprir, ademais das condicións establecidas no número 1 deste artigo, os seguintes requisitos:

a) Situación:

1.º En aplicación do establecido no artigo 36.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e co fin de evitar ou minimizar a propagación de enfermidades infecciosas e parasitarias e de preservar o seu estado sanitario, as explotacións porcinas extensivas de nova creación manterán desde as súas instalacións permanentes dedicadas ao albergue de animais ás instalacións permanentes máis próximas que alberguen animais doutras explotacións porcinas, a distancia mínima de seguranza establecida no artigo 5.Dous.A)1 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, para os distintos grupos en función da súa capacidade produtiva, de acordo coa definición dos grupos establecida neste real decreto. As comunidades autónomas poderán aumentar ou diminuír esta distancia de acordo coas especiais características agronómicas, orográficas e ambientais da situación de cada explotación, e de acordo igualmente coa súa capacidade instalada, en particular en relación coas distancias establecidas para o grupo primeiro. Esa distancia de seguranza será tamén a establecida no mencionado Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, respecto a matadoiros, industrias cárnicas, establecementos de transformación ou eliminación de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, e os centros de concentración de gando porcino.

As distancias mínimas establecidas non serán de aplicación entre as instalacións permanentes que alberguen animais das explotacións porcinas extensivas e os matadoiros que sacrifiquen especies distintas aos ungulados domésticos, así como entre as ditas explotacións e as industrias cárnicas, sempre que, a xuízo da autoridade competente en materia de sanidade animal, tanto as explotacións coma os matadoiros ou industrias contén con axeitados sistemas de illamento sanitario de acordo coa normativa vixente.

2.º Sen prexuízo do disposto respecto á distancia mínima a vías de comunicación pola normativa nacional e autonómica, as instalacións permanentes de explotacións de nova creación deberanse situar a unha distancia superior a 100 metros das vías públicas importantes, tales como ferrocarrís, autoestradas, autovías e estradas da Rede Nacional, e a máis de 25 metros de calquera outra vía pública.

b) Infraestruturas:

1.º As explotacións instaladas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán, ademais, estar deseñadas para evitar a entrada de vehículos alleos de abastecemento de pensos, de carga e descarga de animais, e de retirada de estercos e xurros e de animais mortos. Estas operacións deberanse realizar desde fóra da explotación, a través dun peirao de carga externo, e está totalmente prohibida a entrada do transportista. O peirao exterior deberase lavar e desinfectar tras a carga/descarga de cada lote de porcos.

2.º Non obstante, cando a situación da explotación así o exixa, poderase admitir a entrada á explotación dos vehículos mencionados no parágrafo anterior sempre que, ademais do cercado perimetral exixido no número 1.d).1.º, as instalacións permanentes da explotación se encontren incluídas nun recinto valado. Neste caso, as mencionadas operacións de carga e descarga deberanse realizar desde fóra do recinto valado.

Artigo 5. *Identificación dos animais.*

1. A identificación dos animais efectuarase conforme o disposto no Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina, así como calquera identificación adicional establecida nos programas sanitarios fronte a determinadas enfermidades porcinas.

2. Os animais serán remarcados co código das explotacións por que pasen, e deberán chegar ao matadoiro, de ser o caso, identificados co código correspondente á explotación de procedencia inmediata anterior.

Artigo 6. *Libro de rexistro de explotación.*

1. Segundo se establece no artigo 4 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, os titulares das explotacións deberán levar de xeito actualizado un libro de rexistro de explotación aprobado pola autoridade competente denominado, en diante, libro de rexistro.

2. O libro de rexistro levarase de forma manual ou informatizada, estará dispoñible na explotación e será accesible para a autoridade competente por petición desta, e manterá os datos correspondentes ao período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior aos últimos tres anos de actividade da explotación ou, de ser o caso, aos tres anos posteriores á finalización da actividade da explotación, caso en que deberá estar igualmente dispoñible para a súa consulta, pola autoridade competente, no domicilio do último titular da explotación ou no domicilio social da entidade titular, ou da que a sucedese no exercicio da actividade gandeira. En caso de cesamento de toda actividade gandeira do titular da explotación, o libro de rexistro será depositado onde a autoridade competente ordene.

3. O libro de rexistro conterá, polo menos, os datos recollidos no anexo II deste real decreto, sen prexuízo de calquera outra información que estableza a normativa vixente.

Artigo 7. *Rexistros de explotacións.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o Rexistro xeral de explotacións porcinas extensivas, integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se aterá no que se refire ao seu contido e funcionamento. O dito rexistro conterá a información relativa a todas as explotacións extensivas situadas en España.

2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións extensivas que se sitúen no seu ámbito territorial, de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, en que farán constar, polo menos, todos os datos establecidos no anexo II do mencionado real decreto, salvo no seu punto B11, e conforme as clasificacións establecidas no artigo 3 deste real decreto.

3. No caso das explotacións rexistradas exclusivamente para ceba, de conformidade co artigo 3.1.e), cando, por razóns climatolóxicas, non se poidan aproveitar os recursos naturais para alimentación dos animais durante un período superior a 3 anos consecutivos, poderanse manter rexistradas, a criterio da autoridade competente, malia o establecido no artigo 3.7 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, no que se refire á baixa da explotación.

Artigo 8. *Obrigas dos titulares.*

Sen prexuízo das obrigas derivadas da aplicación da normativa vixente, os titulares das explotacións porcinas extensivas deberán:

1. Presentar, aos órganos competentes das comunidades autónomas, coa periodicidade que estes establezan, o programa de manexo e rotación previsto no número 1.f) do artigo 4 deste real decreto para a súa aprobación, así como declarar a superficie total da explotación porcina extensiva, presentando a documentación acreditativa desta, de acordo co procedemento que estableza a autoridade competente.

2. Facilitar á autoridade competente, conforme os prazos establecidos no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo:

a) A información necesaria para o rexistro da súa explotación incluíndo, polo menos, os datos indicados nos puntos A. 2, 3 e 5 e nos puntos B.2, 6, 7, 9, 10 e 12 a 15 do anexo II do mencionado real decreto, especificando os seguintes datos:

1.º Para o punto A.5 (Tipo de explotación de que se trate): se se trata de produción e reprodución ou pastos.

2.º Para o punto B.6 (Clasificación zootécnica), de acordo coas categorías establecidas no artigo 3.1 deste real decreto.

3.º Para o punto B.7 (Indicación de se se trata de autoconsumo ou non): indicación, se é o caso, de se se trata dunha explotación de autoconsumo ou reducida.

4.º Para o punto B.10 (Clasificación segundo a capacidade produtiva), de acordo cos grupos establecidos no artigo 3.2 deste real decreto.

5.º Para o punto B.12 (Censo e data de actualización): censo no momento do rexistro, distinguindo categorías de animais e con indicación da raza, segundo se define no número 2.c) deste artigo.

6.º Para o punto B.15 (Capacidade máxima): establecida de acordo co programa anual de manexo presentado conforme o número 1.f) do artigo 4.

b) A información relativa aos cambios que se produzan nos datos da súa explotación.

c) A información relativa ao censo total dos animais mantidos na explotación durante o período censal, entendéndose como tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, ambos os dous inclusive, do ano anterior ao da comunicación do dito censo.

Para estes efectos entenderase por censo total:

1.º Para as explotacións incluídas nos puntos 1.a), 1.b) e 1.d), do artigo 3 considerarase como censo total a suma: do número total de animais reprodutores (porcas, reposición e verróns) presentes na explotación o 1 de xaneiro, máis o número de animais reprodutores que entraron na explotación e menos o número de reprodutores que saíron da explotación, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, ambos os dous incluídos, máis o número total de leitóns, porcos de ceba e porcos de recría que saíron da explotación con destino a outras explotacións ou ao sacrificio durante o período censal. Neste caso, o censo total desagregarase nas seguintes categorías: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns. Para cada unha destas categorías, indícarase a raza a que pertencen os animais, distinguindo:

Raza porcina ibérica e os seus cruzamentos.
Outras razas.

2.º Para as explotacións incluídas nos números 1.c) e 1.e), do artigo 3, o número total de animais que saíron da explotación con destino a outras explotacións ou a sacrificio durante o período censal. Neste caso, o censo total desagregarase nas seguintes categorías: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns. Para cada unha destas categorías, indícarase a raza a que pertencen os animais, distinguindo:

Raza porcina ibérica e os seus cruzamentos.
Outras razas.

3.º O censo total comunicarase antes do 1 de marzo de cada ano, indicándose o censo total do ano anterior. Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente poderá actualizar o censo das explotacións, con motivo das actuacións administrativas que leve a cabo nelas.

3. Prover os operarios de medios de información e de formación adecuada, en materia de bioseguraza e de benestar animal, de acordo cos contidos que estableza a autoridade competente.

Artigo 9. *Autorización e rexistro de novas explotacións*

Para poderen ser autorizadas as explotacións de nova creación, deberanse inscribir previamente no Rexistro de explotacións porcinas extensivas. Para estes efectos, deberán acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e en calquera outra normativa de aplicación, por requirimento da autoridade competente.

Artigo 10. *Inspección e control.*

1. As inspeccións pertinentes para comprobar o cumprimento das condicións e requisitos exixidos nesta disposición corresponden aos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas, instrumentará mecanismos de coordinación que aseguren unha aplicación homoxénea deste real decreto en todo o territorio nacional, sobre a base dunha análise de risco que considere criterios sanitarios e ambientais, entre outros.

Artigo 11. *Réxime sancionador.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

2. En caso de incumprimento do disposto no artigo 4.1.g) e concordantes deste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

3. En caso de incumprimento do disposto no artigo 4.1.h) e concordantes deste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos ou, de ser o caso, no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

4. O disposto nos números anteriores aplicarase sen prexuízo das responsabilidades ambientais, civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Modificación do Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións cunícolas, modifícase do seguinte xeito:

Un. O artigo 5 substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 5. *Identificación dos animais da especie cunícola.*

1. Os animais da especie cunícola que abandonen unha explotación gandeira farano en dispositivos de transporte precintados de maneira que, para abrilos, sexa imprescindible a destrución do recinto.

2. Para estes efectos, entenderase por dispositivo de transporte calquera sistema utilizado para trasladar os animais entre explotacións, o que inclúe gaiolas, caixas ou outros elementos para o transporte de animais que conteñan a carga e que aseguren, en todo momento, unha separación clara entre animais de orixes diferentes no vehículo de transporte empregado.

3. Cando os vehículos de transporte utilizados conteñan animais procedentes dunha única orixe e cun único destino, será suficiente con precintar o habitáculo do vehículo que alberga todos os animais no seu conxunto.

4. No caso de que os animais procedan de orixes diferentes, cada traslado estará asociado a un documento de movemento diferente.

5. Os precintos serán dun só uso, non reutilizables, estarán fabricados de material inalterable, a proba de falsificacións, e provistos dunha marca indeleble e lexible que identificará de xeito inequívoco a explotación de orixe dos animais da especie cunícola transportados segundo se establece no número 7.a).

6. Non obstante o establecido no número anterior, os animais da especie cunícola cuxo destino sexa diferente ao sacrificio en matadoiro deberán ser identificados individualmente, antes de abandonar a explotación, co código da explotación de orixe mediante unha marca indeleble e doadamente lexible, que poderá consistir nun brinco ou nunha tatuaxe auricular. Nos casos en que non resulte tecnicamente posible realizar a dita identificación individual, atenderase ao disposto nos números 1 ao 5.

7. O código de explotación indícarase:

a) Nos precintos e nos brincos, de acordo coa estrutura e na orde establecida no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

b) Na tatuaxe auricular mediante:

1.º Dous díxitos que identifican a provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

2.º Tres díxitos que identifican o municipio, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

3.º Ata sete díxitos que identifiquen, de forma única, a explotación dentro do municipio.

No caso de animais destinados a intercambios intracomunitarios ou á exportación a países terceiros, a tatuaxe completárase coa indicación «ES» ao comezo da secuencia de letras e números.»

Dous. O anexo III queda sen contido.

Disposición transitoria primeira. *Actualización do Rexistro das explotacións porcinas extensivas xa establecidas.*

Os titulares das explotacións porcinas extensivas existentes con anterioridade á entrada en vigor desta norma deberán solicitar ao órgano competente da comunidade autónoma, nun prazo que determinará esta e nunca superior a 24 meses tras a publicación deste real decreto, a regularización da súa situación no rexistro. Non obstante, o órgano competente da comunidade autónoma poderá realizar de oficio a dita regularización.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das explotacións porcinas extensivas xa establecidas.*

As explotacións porcinas extensivas existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ás condicións de infraestrutura e instalacións exixidas no artigo 4.1, letras d), g) e h) dentro do prazo que estableza o órgano competente da comunidade autónoma, que non excederá os 24 meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados:

a) O Real decreto 1132/1981, do 24 de abril, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas.

b) O artigo 2.2.b) do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

As disposicións deste real decreto terán o carácter de normativa básica estatal, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo os números 1.d), 1.e), 1.g), 2.a) e 2.b) do artigo 4 e o réxime sancionador correspondente, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade, e as letras a), f) e h) do artigo 4.1, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Enfermidades para as cales se exige estar indemnes ou oficialmente indemnes para manter a actividade de venda de animais destinados a reprodución

Enfermidade de Aujeszky.

ANEXO II

Contido mínimo do libro de rexistro de explotación

O libro de rexistro de explotación conterá, con carácter xeral, os seguintes datos.

- a) Código de explotación.
- b) Nome, enderezo da explotación e coordenadas xeográficas.
- c) Identificación do titular e enderezo, incluíndo NIF, CIF e teléfono.
- d) Clasificación zootécnica da explotación, de acordo co establecido no artigo 3.1.
- e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta (de ser o caso) e identificación do veterinario actuante.
- f) Capacidade máxima desagregada nas seguintes categorías: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns.
- g) Entrada de lotes de animais: data, número de animais e categoría a que pertencen, código da explotación de procedencia e número de guía ou certificado sanitario ou documento de traslado.
- h) Saída de lotes de animais: data, número de animais e categoría a que pertencen, código da explotación de destino, incluíndo matadoiro, ou lugar de destino e número de guía ou certificado sanitario ou documento de traslado.
- i) Incidencias de calquera enfermidade infectocontaxiosa ou parasitaria, data, número de animais afectados e medidas practicadas para o seu control e eliminación, de ser o caso.
- j) Censo total de animais durante o ano anterior desagregado nas seguintes categorías: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns, e con indicación da raza, de acordo coa comunicación de información prevista no artigo 8.2.c).
- k) Substitución, cando proceda, dos medios de identificación dos animais debido á súa perda ou deterioración.
- l) Nome, apelidos e sinatura do representante da autoridade competente que comprobou o rexistro e data en que levou a cabo a dita comprobación.